11

# Á rosa no peito d'unha rapariga

Eu non sei se estará ben elexido
ese búcaro humán para amostrarte,
pois, por ser en belesa tan cumprido,
sei que algunha mirada ha de furtarte.

(E, tal vez, para ti descoñecido
o gran segredo do femíneo arte).
Si é que para aspirar o teu ulido,
algús beizos se inclinan a beizarte,

coidarás que é por ti, i-eu mais ben creo
que é por beizar o femenino seo,
máis que as rosas prôs beizos tentador,

i-é por esa razón, rosa rosada
que, se pretendes ser ademirada,
tes que buscar un búcaro mellor.

Faustino Rey Romero, pbro.

Prô arquivo poético de
Luz Pozo Garza